

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de agosto de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adjudicación

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Infórmase que con data 5 de agosto de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar, RECALVI, S.L., que presentou documentación o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Unha vez revisada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de 3 días para que emende a seguinte documentación:

- Solvencia económica: deberá acreditarla segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").
- Solvencia técnica: deberá acreditarla segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.4.3º do PCAP ("... mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación").
- Habilitación profesional: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: "*os talleres deberán estar legalmente inscritos e clasificados en función das ramas de actividade esixidas (cláusula 4.1.A do PPTP) de acordo coas condicións legais establecidas no Decreto 108/2017, do 2 de novembro, que modificou parcialmente o Decreto 70/2011, do 7 de abril, que regulan actividade industrial, prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, equipamentos e compoñentes, especificados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.*

Asemade deberán dispoñer de:

- *Licenza de actividade conforme á Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2022 11:01	Páxina 1 de 2
15161-445	CSV: A8A3BE-BHA2AC-C83D87-TBGN88-CJNXMY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Número de inscrición no rexistro como produtor de residuos e identificación do xestor de residuos que ten contratado*

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (*“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **01 de setembro de 2022**

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2022 11:01	Páxina 2 de 2
15161-445	CSV: A8A3BE-BHA2AC-C83D87-TBGN88-CJNXMY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		